



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

A/A  
RESPONSABLE DE RR.HH  
PSA PEUGEOT CITROEN

Vigo, 2 de Xuño de 2010

No mes de abril e como consecuencia da baixada de produción, prodúcese unha serie de traslados de traballadores/as a outros talleres.

Un dos colectivos máis afectados foi o de Loxística, onde decenas de carristas cambiaron de actividade.

Nestes días observamos que coa nova tendencia produtiva, necesítase incrementar o número de carristas.

Para sorpresa nosa, contrariamente o que todos esperábamos de que unha vez que subise a produción se rescatarían a estes traballadores/as, encontrámonos que se están a facer novos cursos de carristas.

Se os cambios no seu momento obedeceron, segundo a Dirección, a unha necesidade organizativa por baixada de produción, unha vez que actividade se recupera procede, cando menos, ofrecérlleles a posibilidade de volver as súas anteriores funcións de carristas. Tal como comparten algúns mandos “..sería o normal”.

De non ser así, non só estaríase cuestionando a política do Grupo na administración dos recursos humanos, senón que, ademais, evidenciaríase que a formación dos traballadores non é un medio, senón un fin en si mesmo.

Por elo e tal como a CIG pediu cando se deron os cambios, unha vez que mudou a situación, deben ser tidos en conta para retornar os seus postos anteriores.

## Confederación Intersindical Galega